

Arte

In memoria de Manuel Gulín Rodríguez

O Centro cultural José Domínguez Guizán, co patrocinio do Concello de Begonte, convoca o

XXXIV CERTAME GALEGO DE ARTE “JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN”

de acordo coas seguintes BASES:

1. O Premio JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Arte está dotado con 1.500 € (*) e estatuíña de Sargadelos.
2. Adjudicárase á obra pictórica (considerada no senso máis amplo) que resulte seleccionada polo Xurado calificador, que estará formado por especialistas na materia, xunto con representantes do Centro convocante.
3. Poderán optar a este premio obras de pintores galegos (nados en Galicia ou residentes habituais), con tamaño máximo de 1,5 m por 1 m, con ou sen marco.
4. Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor.
5. As obras, debidamente protexidas para evitar calquera deterioro, serán remitidas –libres de gastos– ao Centro Cultural de Begonte. As non premiadas serán devoltas libres de gastos ao enderezo que indiquen.
6. O prazo de presentación rematará ás 12,00 h. do día 25 de decembro de 2023. O Xurado seleccionará de entre as obras presentadas a gañadora do Certame, que quedará en propiedade da entidade convocante.
7. As obras presentadas ou unha selección destas, serán expostas na sala da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo e na Casa da Cultura de Begonte.

(*) Os importes son líquidos, despois de aplicarles a retención do IRPF

Poesía

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co fin de potenciar o espírito do Nadal e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o

XLVIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 € (*) e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 € (*) e estatuíña de Sargadelos.
6. A remisión de orixinais farase ao correo electrónico info@belendebegonte.es, en dous arquivos: Un, co traballo poético a concurso, e outro, identificado como “Plica”, co título do traballo, no que figurarán os datos persoais do/a autor/a, que só será aberto no caso de resultar premiado o traballo con algún dos premios instituídos ou coas mencións que, no seu caso, acorde conceder o Xurado.
7. Quen desexe entregar persoalmente o seu traballo, ou remítilo por correo certificado, pode facelo ao Centro Cultural convocante, antes das 12,00 h. do 6 de xaneiro de 2024.

Xornalismo

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da XUNTA DE GALICIA, e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o

XLVIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Pode tomar parte neste certame quen publique, en calquera xornal, revista ou en Internet, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos nos que se faga referencia ao Nadal en Begonte e en xeral ao Nadal en Galicia.
2. Concederanse os seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 € (*) e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 € (*) e estatuíña de Sargadelos.
3. A remisión de orixinais que se presenten ao Certame, hase de facer ao correo electrónico info@belendebegonte.es, antes das 12,00 horas do día 6 de xaneiro de 2024, indicando os datos do/a autor/a. A cada envío seralle acusado recibo polo mesmo medio.
4. Quen desexe entregar persoalmente o seu traballo, ou remítilo por correo certificado, pode facelo ao Centro Cultural convocante, no prazo que se indica.

Debuxo infantil

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da CAIXA RURAL GALEGA, co fin de potenciar o espírito do Nadal entre os nenos, convoca o

XLVIII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE “O NADAL”

de acordo coas seguintes bases:

1. Poden concorrer todos os nenos, a través dos seus colexios.
2. Establécense dúas categorías:
 - A.- Ata 10 anos
 - B.- De a 11 a 15 anos
- 3.- Concederanse os seguintes premios:
 - A.- 3 primeiros premios, dotado con 60 € e trofeo
 - 5 segundos premios, dotados con 30 € e trofeo
 - B.- 3 primeiros premios, dotado con 60 € e trofeo
 - 5 segundos premios, dotados con 30 € e trofeo
4. Os temas serán libres dentro do tema xenérico “O NADAL”. O tamaño dos orixinais será como mínimo de medio folio e máximo de un folio.
5. Cada Colexio poderá remitir ata 25 traballos para cada categoría.
6. A presentación dos traballos poderase facer dixitalmente, escaneando o colexio os traballos dos seus alumnos e, debidamente identificados co nome e idade do/a autor/a, remitidos ao correo electrónico info@belendebegonte.es, antes das 12,00 h. do día 6 de xaneiro de 2024.
7. Quen desexe presentar directamente os traballos a concurso no Centro Cultural convocante, ou remítilos por correo certificado, poderá facelo dentro do prazo que se indica.

Mural do Belén na estrada N.VI



Na estrada N-VI, en Begonte, un gran mural lembra que o Belén begontino, desde hai máis de medio século, é un elemento esencial na vida do pobo, convertido no centro do belenismo dunha amplísima contorna. O muralista lucense Diego As, un dos mellores artistas do mundo desta especialidade, creou para Begonte esta especial visión dun avó que acompaña a un neto a visitar o belén, lembrando que foi seu avó quen o levou de neno a descubrir esta especial representación do nacemento de Xesús.

O Camiño do Belén pasa polas 19 parroquias do Concello



O Concello de Begonte está erixindo nas parroquias do Concello cadansúa escultura con motivos relacionados co Belén begontino para facer partícipes a todos os habitantes do concello da vinculación co Belén electrónico, de xeito que por todas as parroquias pase o Camiño do Belén. O primeiro destes monumentos foi inaugurado no comezo da pasada edición de “O Nadal de Begonte”, polo Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda. Está situado na Praza dos Irmáns Domínguez Guizán, nas inmediacións do edificio que alberga o Belén Electrónico. Desde entón instaláronse os correspondentes ás parroquias de Damil, San Vicente de Pena, Pacios e Saavedra. Este último, un banco que ven sendo utilizado para fotografiarse por numerosos visitantes do Santuario dos Milagres, é unha homenaxe á Virxe como “Dona das flores”, “Señora dos Milagres” e “Mai do Belén”. Todas as obras son creación do escultor lucense Cesar Lorenzana, que espera completar a instalación das dezanove esculturas nos próximos meses.

Calendario de O NADAL EN BEGONTE

02.12.2023

18,00 h. Salón de actos do Belén Electrónico:

Pregón de Nadal a cargo de Mons. Francisco Prieto, Arcebispo de Santiago de Compostela. Actuación de solistas das Escolas Mancomunadas de Música de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol.

Inauguración da III edición do Belén electrónico de Begonte.

03.12.2023

13,00 h. Igrexa Parroquial de Begonte:

Misa polos amigos do Belén de Begonte falecidos.

27.12.2023

Sala de exposicións da Delegación da Xunta de Galicia en Lugo:

Inauguración da exposición de obras presentadas ao XXXIV Certame galego de Arte “Jose Domínguez Guizán”, in memoria Manuel Gulín Rodríguez.

16.01.2024

Casa da Cultura de Begonte:

Inauguración da exposición de obras do Certame Galego de Arte.

27.01.2024

17,00 h. Centro cultural José Domínguez Guizán:

Entrega de premios dos Certames culturais e de títulos de Socios de Honra. Clausura de actividades. Actuación das Escolas Mancomunadas de Música de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol.

C E R T A M E S

ALBA DE GLORIA DO BELÉN DE BEGONTE

Hai setenta e cinco anos, Castelao soñou unha ALBA DE GLORIA na que os máis grandes dos galegos de todos os tempos conformaban un símbolo conxunto da grandeza das xentes esenciais na historia deste país.

Siro, xenial creador de imaxes con alma, deseñou esta ALBA DE GLORIA do BELÉN DE BEGONTE para reflectir e lembrar 25 mulleres e homes que representan aos incontables milleiros que desde 1972 visitaron, apoian e queren esta visión chairega do Nadal que fai que este concello sexa BEGONTE DO BELÉN.



1. José Antonio, "o Alemán"
2. Ramiro Cruz
3. Pilar Gómez García
4. Mons. Alfonso Carrasco
5. José Domínguez Guizán
6. Pilar Rodríguez, "Pilarita"
7. Alfonso Rueda
8. María José Cruz, "Teté"
9. Dionisio Varela
10. Jesús Sangiao, "Sito"
11. José Luis Varela
12. José Rodríguez, "Josiño"
13. José Luis Hernángomez
14. Antonio Gómez
15. Xulio Xiz
16. Carlos Torres
17. Jesús Domínguez Guizán
18. José Ulla
19. Milagros Domínguez Guizán
20. Mons. Francisco Prieto
21. Manuel Fraga
22. Alberto N. Feijóo
23. Mons. Fernando García
24. Alfonso Lamas
25. José Rodríguez Varela

Promove:



Centro Cultural
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN

Patrocinan



Concello de
Begonte

//ABANCA



XUNTA
DE GALICIA



Colaboran:



CAIXA RURAL GALEGA



Grupo
Fotocinematográfico
FONMIÑA



COLECTIVO
EGERIA

HORARIO DO BELÉN

- Do 3 ao 22 de decembro e do 8 ao 27 de xaneiro:
Sábados, domingos e festivos, 16 a 19 h.
- Do 23 de decembro ao 7 de xaneiro:
Todos os días, 11 a 13 e 16 a 19 h.
- Visitas colectivas: Avisar previamente ao Tfno. 610 907 306

O Nadal en Begonte

Declarado de Interese
Turístico Galego pola



XUNTA
DE GALICIA

LII EDICIÓN 2023-2024

BELÉN ELECTRÓNICO
DE BEGONTE

